

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL CURSO 2021-2022

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

De conformidade e co previsto na orde Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

3º ESO CULTURA CLÁSICA/4º ESO LATÍN

O período que vai entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Ditas actividades poderán terse en conta para a cualificación definitiva da materia que se fará efectiva na avaliación final de curso, para estes efectos procederase do seguinte xeito:

A.- ALUMNADO QUE TEÑA A MATERIA CON PARTES SEN SUPERAR TRAS A 3ª AVALIACIÓN PARCIAL.

- A docente informará a cada alumno en particular das actividades de recuperación.
- Realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación e titoría.

- O alumnado recibirá o material necesario para a realización de ditas actividades.
- Realización de probas de recuperación correspondentes ás partes da materia non superada.

AVALIACIÓN FINAL.

De conformidade e co previsto na programación o alumnado fará un exame final, no que poderá recuperar as avaliacións non superadas.

B.- ALUMNADO QUE TEÑA A MATERIA SUPERADA DESPOIS DA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL.

- Realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- Os alumnos recibirán o material necesario para a realización de ditas actividades.

AVALIACIÓN FINAL.

A correcta realización de ditas actividades de reforzo, repaso, apoio, ampliación e titoría, poderán terse en conta na cualificación final, ata un máximo de 0,5 puntos que se sumarán a nota media das tres avaliacións superadas.